



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2018

1. XORNADAS: “ASPECTOS PROCESUAIS PRÁCTICOS DA ASISTENCIA LETRADA NO PROCESO PENAL”

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organiza estas xornadas co fin de abordar algúns aspectos procesuais penais de especial interese para a asistencia letrada neste tipo de procedementos.

As xornadas están dirixidas principalmente aos letrados e letradas da quenda de oficio penal e en xeral a todos os colexiados interesados na materia. Organizaranse arredor de catro sesións nas que cada relator ofrecerá unha exposición de 45 minutos e, a continuación, proporase unha quenda de 30 minutos para preguntas e debate coas persoas asistentes.

Inscrición: por teléfono, fax, e-mail

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

100 € demais persoas interesadas (as 4 xornadas)

Programa:**1ª SESIÓN: 26.01.2018**

A primeira atención letrada nos centros de detención. (b) Ler e entender a folla de antecedentes penais. (c) Suspensión de penas.

Día: venres, 26 de xaneiro

Hora: 12.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relator: D. Sergio Herrero Álvarez, avogado penalista e decano do ICA de Gijón

2ª SESIÓN: 01.02.2018

Problemática da determinación da **competencia funcional e territorial** no procedemento penal. En especial, nos supostos de delitos conexos. As pezas separadas. **Problemática do prazo máximo da instrución.** Supostos controvertidos e criterios xurisprudenciais sobre a aplicación do artigo 324 da LACrim.

Día: xoves, 1 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relator: D. José Gómez Rey, maxistrado da Sección 6ª da AP da Coruña





CIRCULAR INFORMATIVA 2/2018

3ª SESIÓN: 08.02.2018

(a) **Cualificación delictuosa:** cualificacións homoxéneas e alternativas; delito continuado e concursos delictuosos. (b) Criterios e fórmula de determinación da pena que corresponda a cada feito delictuoso concreto, atendendo ás circunstancias concorrentes. As medidas de seguridade. (c) **Criterios da Fiscalía respecto da confidencialidade** dos procedementos penais.

Día: xoves, 8 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relator: D. Mario Piñeiro Vázquez, fiscal xefe da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela

4ª SESIÓN: 14.02.2018

(a) **Suspensión das penas:** fórmulas e criterios. (b) Posibilidade de **substitución da pena;** como opera?. (c) Incidente de determinación das indemnizacións civís. (d) A rehabilitación ou cancelación de antecedentes penais. (e) O indulto.

Día: mércores, 14 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relatora: D^a Ana Belén Cajoto Berdeal, letrada da Admón. de xustiza do Xulgado Penal Núm. 1 de Santiago de Compostela

2. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (1ª DE 2018)

Día: 15.02.2018

Hora: 20.00 h

De acordo co establecido nos artigos 88 e 90 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e nos artigos 55 e seguintes do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión do día 06.01.2018, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (primeira de 2018) para o vindeiro **15 de febreiro de 2018, ás 20:00 h**, no salón de actos deste colexio, consonte a seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2018

2. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Propositions.
5. Rogos e preguntas.
6. Toma de posesión dos seus cargos respectivos por parte dos membros da Xunta de Goberno elixidos nas últimas eleccións.

3. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT: 23.02.2018

O venres, 23 de febreiro, celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, co programa que a continuación se detalla:

- 18.00 h Misa na Catedral de Santiago, que se aplicará en lembranza dos compañeiros finados.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Colexio:
 - Categoría de «avogados/as»: D. Evaristo Nogueira Pol
 - Categoría de «non avogados/as»: D. José Paz Montero
 - ❖ Entrega do **VIII Premio de Dereitos Humanos**: ASPAS Santiago
 - ❖ Entrega das **insignias de ouro** aos letrados que cumpren 40 anos de exercicio profesional: D^a Filomena Casal Gómez (colex. 517), D. Juan Bautista Gerpe Castro (colex. 518) e D. Alejandro Concheiro Nine (colex. 525)
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino

Nunha próxima circular informarase do programa completo, cos prezos e os horarios de autobús para a cea-baile.

4. COTAS COLEXIAIS TRIMESTRAIS: PERÍODO DE COBRAMENTO

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 16 de xaneiro, acordou por unanimidade que a partir do primeiro trimestre de 2018 as cotas colexiais sexan cobradas a mediados de cada trimestres (ata agora cobrábase a principios). Este acordo foi tomado co obxecto de



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2018

ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº Registro: RS-00040

Of. Registro: ICA SANTIAGO

18/01/2018 11:58:36

Página: 4 de 4

REGISTRO SALIDA

evitarlles aos colexiados afrontar o pagamento das cotas colexiais nun momento en que tamén se efectúan outros cargos (mutualidade, impostos etc.).

Polo tanto, os períodos de cobramento das cotas colexiais para este ano serán os seguintes:

- 1º trimestre: a mediados de febreiro
- 2º trimestre: a mediados de maio
- 3º trimestre: a finais de xullo
- 4º trimestre: a mediados de novembro

5. CONVENIO CON CAIXABANK

O Colexio renovou un ano máis o convenio de colaboración coa entidade Caixabank, polo que os colexiados e colexiadas gozarán de beneficios e descontos especiais na contratación dos seus produtos ou servizos. O texto completo deste convenio xa se pode consultar na área privada da nosa web, dentro da sección O Colexio > “Convenios.